

GUÍAS DE PRÁCTICA CLÍNICA EN CANCRO DE PULMÓN E MESOTELIOMA



SOG

Sociedad Oncológica de Galicia



AUTORES.....	3
PRESENTACIÓN.....	5
1. INTRODUCCIÓN. XENERALIDADES, EPIDEMIOLOXÍA.....	6
2. SÍNTOMAS E SIGNOS.....	8
3. DIAGNÓSTICO INICIAL. PROBAS COMPLEMENTARIAS.....	9
4. DIAGNÓSTICO HISTOLÓXICO.....	13
5. ESTADIFICACIÓN DO CANCRO DE PULMÓN.....	17
6. TRATAMENTO DO CANCRO DE PULMÓN.....	19
6.1 ENFOQUE MULTIDISCIPLINAR.....	19
6.2 MODALIDADES TERAPÉUTICAS.....	20
6.2.1 TRATAMENTO CIRÚRXICO.....	20
6.2.2 TÉCNICAS LOCAIS.....	22
6.2.3 RADIOTERAPIA NO CANCRO DE PULMÓN.....	23
6.2.4 FÁRMACOS ANTINEOPLÁSICOS.....	27
6.2.5 COIDADOS E SOPORTE.....	28
7. TRATAMENTO POR ESTADIOS.....	29
7.1. Estadios I.....	29
7.2. Estadios II.....	29
7.3. Estadio III.....	32
7.4. Estadio IV.....	35
8. CANCRO MICROCÍTICO DE PULMÓN.....	37
8.1 ENFERMIDADE LIMITADA A TÓRAX.....	37
8.2 ENFERMIDADE EXTENSA.....	39
9. MESOTELIOMA PLEURAL MALIGNO.....	40
10. SEGUIMENTO NO CANCRO DE PULMÓN.....	42
BIBLIOGRAFÍA.....	44
GLOSARIO.....	56
APÉNDICE 1. CLASIFICACIÓN DA OMS DE TUMORES MALIGNOS.....	57
APÉNDICE 2. TRATAMENTOS DE QUIMIOTERAPIA CPNCP.....	60
APÉNDICE 3. RECOMENDACIÓN DE TRATAMENTO ESTADIO III.....	62
APÉNDICE 4. TRATAMENTOS DE QUIMIOTERAPIA CPCP.....	63
APÉNDICE 5. TRATAMENTOS DE QUIMIOTERAPIA EN MESOTELIOMA.....	63
APÉNDICE 6. ESCALA DE GRAO FUNCIONAL ECOG.....	64
APÉNDICE 7. ESCALA DE ESTADIO FUNCIONAL.....	65

AUTORES:

- **Abal Arca, José. Pneumoloxía. Complexo Hospitalario de Ourense, Ourense.**
- **Amenedo Gancedo, Margarita. Oncoloxía Médica. Centro Oncolóxico de Galicia, A Coruña.**
- **Baloira Villar, Adolfo. Pneumoloxía. Complexo Hospitalario de Pontevedra, Pontevedra.**
- **Barón Duarte, Francisco Javier. Oncoloxía Médica. Hospital Clínico Universitario de Santiago, Santiago de Compostela.**
- **Caeiro Muñoz, Manuel. Oncoloxía Radioterápica. Hospital Meixoeiro, Vigo.**
- **Casal Rubio, Joaquín. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Vigo.**
- **De la Cruz Mera, Alberto. Anatomía Patolóxica. Centro Oncolóxico de Galicia, A Coruña.**
- **Fírvida Pérez, José Luis. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario de Ourense, Ourense.**
- **García Campelo, Rosario. Oncoloxía Médica. Complexo Universitario Juan Canalejo, A Coruña.**
- **Gómez Caamaño, Antonio. Oncoloxía Radioterápica. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Santiago de Compostela.**
- **Grande Ventura, Carlos. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Vigo.**
- **Huidobro Vence, Gerardo. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Vigo.**
- **Lázaro Quintela, Martín. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Vigo.**
- **León Mateos, Luis Ángel. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Santiago de Compostela.**
- **Mel Lorenzo, José Ramón. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo.**
- **Moreno de la Santa, Pablo. Cirurxía Torácica. POVISA, Vigo.**
- **Pérez de Llano, Luis A. Pneumoloxía. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo.**

- **Pérez López, Eva. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario de Ourense, Ourense.**
- **Salgado Fernández, Mercedes. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario de Ourense, Ourense.**
- **Santomé Couto, Lucía. Oncoloxía Médica. POVISA, Vigo.**
- **Vázquez Estévez, Sergio. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo.**
- **Vázquez Rivera, Francisca. Oncoloxía Médica. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Santiago de Compostela.**
- **Vidal Insua, Yolanda. Oncoloxía Médica. Hospital Arquitecto Marcide, Ferrol.**

PRESENTACIÓN

O **Grupo Galego de Cancro de Pulmón (GGCP)** é unha asociación científica de ámbito galego dedicada ao estudo e tratamento do cancro de pulmón. O seu labor iniciouse no ano 1998, e del forman parte oncólogos médicos, oncólogos radioterapeutas e cirurxiáns torácicos de 10 hospitais galegos.

Os seus principais obxectivos son intentar establecer tratamentos máis eficaces e que estean dispoñibles para todos os enfermos da nosa comunidade, co fin de mellorar os resultados nesta patoloxía.

Nesta última etapa de crecemento e consolidación, consideramos que, para conseguir estes obxectivos, non só debemos desenvolver protocolos asistenciais, promover ensaios clínicos e organizar reunións relacionadas con esta patoloxía, senón que é preciso establecer un consenso para homoxeneizar na nosa comunidade a atención ao paciente con cancro de pulmón.

Con esta intención, desenvolvéronse estas **guías de práctica clínica en cancro de pulmón e mesotelioma**, realizadas coa colaboración imprescindible da **Sociedade Oncolóxica de Galicia (SOG)** e da **Sociedade Galega de Patoloxía Respiratoria (SOGAPAR)**.

A súa finalidade é buscar un consenso básico, entre as diferentes especialidades implicadas, no diagnóstico, tratamento multidisciplinar e seguimento desta patoloxía tan frecuente e, na que os avances que se dan son relativamente pequenos en comparación con outras patoloxías tumorais. Un consenso do que cremos que se van beneficiar non só os especialistas médicos interesados nesta patoloxía, senón todo o resto do persoal médico do Servizo Galego de Saúde, e a sociedade galega en xeral.

Dicir, finalmente, que esta idea xurdiu da comunidade científica galega, e, dende esta, ofreceuse á Consellería de Saúde e o Servizo Galego de Saude, sen cuxo apoio a súa publicación e distribución non serían posibles.

José Luís Fírvida Pérez. Presidente do GGCP

1. INTRODUCCIÓN. XENERALIDADES, EPIDEMIOLOXÍA

O cancro de pulmón (CP) é un dos tumores máis frecuentes en varóns e mulleres, e é a primeira causa de falecemento por cancro. A súa incidencia e mortalidade son case similares, o que reflicte o seu mal pronóstico. Existe un paralelismo entre prevalencia de cancro de pulmón e tabaquismo, e tanto en Estados Unidos coma en varios países europeos obsérvase unha lixeira diminución da incidencia en varóns. En mulleres, a mortalidade continúa incrementándose en Europa, cun aumento máis acusado en Francia, Hungría e España. En varios traballos recentes en España, un deles en Galicia, a incidencia de cancro de pulmón en mulleres oscila entre 21,7 a 23,4 casos por cen mil habitantes ao ano. En varóns é claramente máis elevada con 39,7-42,6 casos por cen mil habitantes ao ano.

Na maior parte dos pacientes diagnosticados de cancro de pulmón a esperanza de vida dende o diagnóstico non supera os 12 meses. Aproximadamente, un de cada 13 varóns e unha de cada 17 mulleres falecen por cancro de pulmón. Dada a incorporación máis tardía das mulleres ao tabaquismo e ante o incremento de adolescentes fumadoras no noso país, é de esperar un notable aumento da súa incidencia nos próximos anos.

O tabaquismo é o principal factor de risco para desenvolver cancro de pulmón. Estímase que o tabaco provoca o 90 e 87% dos casos de cancro de pulmón en varóns e mulleres, respectivamente. O risco relaciónase tanto co número de cigarros fumados como coa duración do hábito tabáquico, e as posibilidades de sufrir un cancro de pulmón multiplícase por 10-30 en fumadores. O cesamento do tabaquismo asóciase a unha diminución do risco, que se fai evidente a partir dos cinco anos. Aos 15 anos a redución de risco comparada cos individuos que continúan fumando é do 80%-90%, pero segue sendo superior aos non fumadores. Os fumadores habituais de puros tamén teñen maior risco de cancro de pulmón.

Hai evidencias de que a exposición pasiva ao fume de tabaco aumenta a probabilidade de padecer cancro de pulmón. Tamén existe efecto de dose, cun maior risco a maior exposición. Estimouse que ata un 17% dos cancros diagnosticados en non fumadores se deben á exposición pasiva durante a infancia e a adolescencia. Existen substancias no ambiente que aumentan o risco de desenvolver cancro de pulmón, moitas delas do ámbito laboral. Os

asbestos e o radon son quizais as máis potentes, sen esquecer as radiacións ionizantes, o níquel, cromo ou arsénico. A coexistencia dalgunha destas substancias e o tabaco multiplican a posibilidade de ter un cancro de pulmón. No caso do asbesto o risco relativo pode aumentar ata 59.

Non está clara a implicación doutros factores etiolóxicos. Non se coñece a influencia da herdanza nin de axentes infecciosos. Si parece existir incremento de risco nos pacientes que padecen fibrose pulmonar idiopática, ata 14 veces nalgúns estudos. A enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC), aumenta 4 veces o risco de cancro de pulmón, tras axuste de tabaquismo e idade.

Outro tema controvertido é a relación do cancro de pulmón coa dieta, tanto como posible factor coadxuvante, como para previr a aparición de tumores. Investigáronse de xeito extenso as vitaminas A e E, dado que ambas as dúas teñen efectos antioxidantes. A dieta rica en beta-carotenos podería actuar como protectora, aínda que existen datos contraditorios.

Un aspecto importante ligado co anterior é a aparición dunha segunda neoplasia primaria pulmonar. Os individuos que sobreviven máis de tres anos desenvolverano ata nun 25% dos casos. Iso sucede 3 veces máis frecuentemente en varóns que en mulleres, e o tempo medio de aparición é de entre 2 e 4 anos. En máis do 50% dos casos a histoloxía é similar á do primeiro tumor, o que pode supoñer dificultades para diferenciar se se trata dun segundo primario ou unha metástase. Parece existir unha maior exposición a fume de tabaco entre os individuos que desenvolven estas segundas neoplasias.

2. SÍNTOMAS E SIGNOS

Máis do 90% os pacientes con cancro de pulmón presentan síntomas ao diagnóstico. Nunha serie de 678 pacientes consecutivos, só o 6% estaban asintomáticos nese momento. Os achados clínicos asociados co cancro pulmonar pódense clasificar en:

–*Síntomas e signos debidos ao tumor primario ou á súa diseminación intratorácica.* O máis frecuente é a tose (presente en >65% dos pacientes, produtiva en >25%). Débese solicitar unha radiografía de tórax en persoas con tose e factores de risco para cancro pulmonar. Outros síntomas son, en orde decrecente de frecuencia (táboa 1): dispnea (debe facer pensar nunha broncopatía crónica obstrutiva ou nun derramo pleural masivo), hemoptise (a súa existencia en persoas de risco debe motivar a sospeita dun cancro), dor torácica (adoita orixinarse por invasión pleural ou parietal) e disfonía (afectación do nervio recorrente esquerdo).

–*Síntomas e signos debidos a metástase a distancia.* As manifestacións clínicas que ocasionan dependen do tamaño e o órgano afectado. A pesar de que o fígado e as suprarrenais son as súas localizacións máis frecuentes, non adoitan causar síntomas. Pola contra, as metástases óseas, cerebrais ou pleurais adoitan motivar unha clínica máis rechamante. A todos os pacientes con sospeita de cancro pulmonar se lles debe historiar, explorar e realizar unha analítica xeral como *screening* para detectar metástase.

–*Síntomas e signos debidos a unha síndrome paraneoplásica:* acontecen entre o 10 e o 20% dos pacientes. Non dependen do tamaño tumoral e pódense relacionar coa produción de substancias bioloxicamente activas polo propio tumor ou en resposta a este. Os máis frecuentes son hipercalcemia, secreción inadecuada de hormona antidiurética, síndrome de Cushing, osteopatía hipertrofiante pneumica e síndromes neurolóxicas. A existencia dunha síndrome paraneoplásica non debe facer variar a conduta terapéutica ante o tumor primario.

Táboa 1. Frecuencia de signos e síntomas iniciais de cancro pulmonar.

Síntomas e signos	Frecuencia
Tose	8-75%
Perda de peso	0-68%
Dispnea	3-60%
Dor torácica	20-50%
Hemoptise	6-35%
Dor ósea	6-25%
Acropaquias	0-20%
Febre	0-20%
Astenia	0-10%

3. DIAGNÓSTICO INICIAL. PROBAS COMPLEMENTARIAS

A sospeita de cancro de pulmón baséase nos achados clínicos e radiolóxicos. A partir destes datos e como norma xeral trataremos de alcanzar un diagnóstico morfolóxico de certeza por medio das técnicas menos molestas e agresivas para o paciente. Se se contempla un tratamento cirúrxico, deben ser considerados tamén os aspectos de resecabilidade do tumor, e de operabilidade no paciente.

A *radiografía de tórax* é, habitualmente, a primeira técnica que suxire a existencia dun cancro de pulmón. Ademais, achega información sobre a súa extensión e sobre a presenza simultánea doutras enfermidades torácicas. A *tomografía computarizada (TAC) de tórax* é a técnica non invasiva máis amplamente utilizada para valorar a extensión da enfermidade, cunha sensibilidade de 0,57 e especificidade de 0,82. A *resonancia nuclear magnética (RNM)* e a *tomografía por emisión de positróns (PET)* poden incrementar a seguridade en clasificar unha lesión como tumoral. Nunha metanálise a sensibilidade e especificidade media do PET para detectar malignidade foi do 0.97 e 0.78, respectivamente.

A combinación de imaxes de PET e TAC cos novos escáneres de fusión (PET-TAC) demostrou maior eficacia que ambas as dúas técnicas por separado, e podería ser útil para seleccionar pacientes candidatos de cirurxía tras quimioterapia neoadxuvante.

Pódense realizar outras exploracións dirixidas polos síntomas do paciente, como TAC ou RNM do cerebro, gammagrafía ósea etc.

A *citología de esputo* debería ser o primeiro estudo nun paciente que se presente cunha lesión central con ou sen evidencia de enfermidade metastática, en quen un procedemento semi-invasivo tales como a broncoscopia ou a punción transtorácica podería entrañar un risco maior. A especificidade global da técnica alcanza o 0,99, e a sensibilidade o 0,66, aínda que difire segundo consideremos lesións radiolóxicas centrais (0,71) ou periféricas (0,49).

A *fibrobroncoscopia (FBC)* é o método diagnóstico de elección na maioría dos tumores de pulmón. Está amplamente dispoñible, é segura e ben tolerada pola maioría dos pacientes. Permite inspeccionar a árbore traqueobronquial, proporciona material patolóxico e ten un papel na estadificación da enfermidade. Máis do 70% dos tumores son visibles na FBC, e unha combinación de biopsia, cepillado e lavados bronquiais poden establecer o diagnóstico en máis do 90% de casos. Cando o tumor é visible, pero o crecemento é intramural, o rendemento baixa ao 55%, e é menor para as lesións periféricas menores de 2 cm. En tales casos o uso da biopsia transbronquial pode mellorar o rendemento, cunha sensibilidade do 64%. Outra técnica broncoscópica utilizada para diagnóstico e estadificación mediastínica é a punción aspiración con agulla fina transbronquial (PATB) con taxas de sensibilidade entre o 43 -83% e valores predictivo positivos de 89 -100%.

Cando o paciente se presenta cunha lesión pulmonar periférica, a *punción aspiración con agulla fina (PAAF)* resulta máis rendible que a FBC, aínda que é maior a taxa de complicacións. A sensibilidade e especificidade global é de 0,90 e 0,97, respectivamente.

Realízase mediante control fluoroscópico ou TAC. A complicación máis frecuente é o pneumotórax, aínda que só unha minoría precisa drenaxe, entre o 12 e 30% dos casos.

Os derramos pleurais son unha manifestación común do CP. A *citoloxía do líquido pleural* mostra rendementos entre 50-75%, e a *biopsia pleural* do 40-70%. Un significativo número de derramos pleurais permanecen sen diagnosticar despois da citoloxía e a biopsia. Nestes pacientes, a toracoscopia pode ser unha ferramenta de valor diagnóstico e alcanza unha sensibilidade do 95%.

Nos casos sospeitosos nos que, coas técnicas anteriormente referidas, non consigamos chegar a un diagnóstico de certeza porque carezamos de material citohistolóxico suficiente, será preciso indicar procedementos máis agresivos. A mediastinoscopia e mediastinotomía facilitan a estadificación patolóxica dos ganglios linfáticos mediastínicos, cunha sensibilidade e especificidade de 0,89 e 1 respectivamente. Recentemente tamén se emprega a ecoendoscopia para o diagnóstico inicial de cancro de pulmón ou para a estadificación do mediastino. Outras probas son a toracoscopia ou videotoracoscopia, e mesmo a toracotomía que, no posible, se aproveitará para levar a cabo o tratamento de resección indicado en cada paciente.

Se se contempla o tratamento cirúrxico, deberíanse realizar probas encamiñadas a determinar a operabilidade do paciente. Entre elas, probas funcionais respiratorias (PFRs), espirometría e difusión pulmonar, e cardiolóxicas. Se o volume espiratorio forzado no primeiro segundo (FEV_1) está entre 1 e 2 litros ou a difusión pulmonar é menor do 60%, deberíase realizar unha gammagrafía pulmonar de perfusión cuantificada, para valorar o FEV_1 postoperatorio predito (figura 1).




Figura 1. Algoritmo diagnóstico do cancro de pulmón.

4. DIAGNÓSTICO HISTOLÓXICO

A avaliación patolóxica do material obtido coas probas mencionadas previamente farase con dous fins:

1.º– Preoperatorio. Estudarase unha lesión sospeitosa de malignidade. Perséguense tres obxectivos:

- Confirmar o seu carácter maligno.
- Clasificar o cancro diferenciando en, polo menos, dous grandes grupos, cancro de pulmón de célula pequena ou cancro de pulmón de célula non pequena.
- Axudar á estadificación (estudo de extensión) deste.

2.º– Intra/postoperatorio. Estudarase a peza cirúrxica e teranse como obxectivos:

- Clasificar o cancro de acordo á actual clasificación da WHO.
- Establecer o estado das marxes cirúrxicas de resección.
- Axudar a completar a estadificación (estudo de extensión) do tumor.
- Determinar (se posible) a existencia de factores prognósticos.

Os principais tipos histolóxicos en cancro de pulmón son:

1. **Carcinoma epidermoide ou escamoso.** Orixínase no epitelio bronquial de aí a súa localización central preferente. Describíronse variantes papilar, de células claras, de célula pequena e basaloide, non obstante a subtipaxe histolóxica que posúe información prognóstica independente é a súa gradación como ben ou pobremente diferenciado. A maioría destes tumores son positivos para citoqueratinas de alto peso molecular (35 BE 12 e CK 5/6) e antíxeno carcinoembriionario (CEA); e moi poucos expresan factor de transcrición tiroideo (TTF1) e citoqueratina 7.

2. **Adenocarcinoma.** É xa o subtipo mais común de cancro pulmonar e a súa localización preferente é periférica. O 80% deles mostran histoloxía de adenocarcinoma mixto, cunha mestura de patróns acinar, papilar, bronquioloalveolar e sólido con produción de mucina, e son moi infrecuentes os subtipos puros.
3. Son variantes histolóxicas específicas aínda que máis raras o adenocarcinoma fetal (formado por estruturas que recordan os túbulo pulmonares fetais), o adenocarcinoma mucinoso ou coloide (idéntico á súa contraparte no tracto gastrointestinal), o cistoadenocarcinoma mucinoso, o adenocarcinoma de células en anel de selo e o adenocarcinoma de células claras. O seu perfil inmunohistoquímico dependerá do subtipo pero expresan xeralmente marcadores epiteliais (AE1/AE3, CEA e EMA) e citoqueratina 7. A citoqueratina 20 tamén é positiva en tumores mucinosos. O TTF1 é positivo sobre todo nos tumores ben diferenciados.
4. **Carcinoma de células grandes.** Defínese como un carcinoma indiferenciado de célula non pequena e ao que lle falta a diferenciación escamosa e glandular. Histolóxicamente descríbense os subtipos de célula grande neuroendócrino, de célula grande neuroendócrino combinado (mixto), carcinoma basaloide, carcinoma como linfopitelioma, carcinoma de células claras e carcinoma de células grandes con fenotipo rabdoide. A súa orixe son células proxenitoras pluripotentes capaces de diferenciación multidireccional.
5. **Carcinoma microcítico.** Tamén denominado *oat cell* carcinoma, carcinoma anaplásico de célula pequena e carcinoma de célula pequena indiferenciado. De localización central preferente adoita estar nun estadio avanzado no momento do diagnóstico e a miúdo non é detectado nos estudos radiográficos. Tumor por definición de alto grao histolóxico describíronse algunhas variantes histolóxicas.

6. Consisten nunha combinación (mestura) con elementos de carcinoma de célula non pequena que inclúen células escamosas, células de adenocarcinoma, células grandes, células xigantes e células fusiformes. É normalmente positivo para marcadores neuroendócrinos.

7. **Mesotelioma pleural.** O mesotelioma maligno difuso orixínase nas células mesoteliais da pleura. Describíronse varios subtipos sen que haxa (ata o momento) un acordo sobre a súa nomenclatura. A OMS mantén un esquema sinxelo e morfoloxicamente clásico sen considerar variedades que actualmente non teñen unha significación prognóstica clara. Así pola súa morfoloxía consideraremos, o mesotelioma epiteliode, o sarcomatoide, o bifásico e o desmoplásico. Os casos puramente epiteliodes teñen mellor supervivencia e os sarcomatoides peor e os patróns mixtos son intermedios.

8. Por definición o mesotelioma desmoplásico é un subtipo altamente agresivo. O perfil inmunohistoquímico do mesotelioma é moi importante para realizar un correcto diagnóstico diferencial co adenocarcinoma, o cal ás veces é moi difícil. Non dispoñemos dun marcador específico polo que se recomenda utilizar unha batería de catro anticorpos, polo menos dous positivos para mesotelio e dous negativos para epitelio para realizar o diagnóstico de mesotelioma. Entre os clásicos de mesotelio temos a calretinina, CK 5/6 e WT1, con novas promesas como D2-40 e a podoplanina. Entre os segundos o CEA, CD15, BerEP4, MOC-31 e B72.3.

9. **Miscelánea.** O **carcinoma adenoescamoso** é un tumor mixto con características de carcinoma de células escamosas e adenocarcinoma. Adoita ser periférico e cada parte do tumor mantén o seu propio perfil inmunohistoquímico. O **carcinoma sarcomatoide** é un tumor pobremente diferenciado con cinco subgrupos que representan un continuo morfolóxico, a saber carcinoma pleomórfico, de células

fusiformes, de células xigantes, carcinosarcoma e blastoma pulmonar. Menos frecuentes son os tumores carcinoides típico e atípico, os tumores con morfoloxía idéntica aos de glándula salivar, o carcinoma mucoepidermoide, o carcinoma adenoide cístico e o carcinoma epimioepitelial.

Táboa 2. Diagnóstico histolóxico.

MÉTODOS DE OBTENCIÓN DE MATERIAL HISTOLÓXICO	
MÉTODO MATERIAL OBTIDO	
Esputo citoloxía	
Broncoscopia citoloxía (lavado, aspirado, e cepillado)	
Tecido (biopsia)	
PAAF transtorácica citoloxía	
Biopsia transtorácica tecido	
Evacuación derramo pleural citoloxía	
Toracoscopia tecido/citoloxía	
Mediastinoscopia tecido/citoloxía	
Toracotomia tecido	
Mediastinotomia tecido	
PROPÓSITO DA AVALIACIÓN HISTOLÓXICA	
PREOPERATORIO POSTOPERATORIO	
Confirmar malignidade, clasificar o cancro	
Clasificar o cancro: célula pequena	Estado de marxes
ou célula non pequena	Axudar á estadiaxe
Axudar á estadificación	Factores prognósticos

5. ESTADIFICACIÓN DO CANCRO DE PULMÓN

Para o cancro non microcítico de pulmón (**CPNCP**), utilízase o Sistema Internacional de Clasificación (ISS), baseado no sistema TNM segundo o adoptado polo Comité Estadounidense Conxunto sobre o Cancro (AJCC) e a Unión Internacional Contra o Cáncer (UICC) en 1997 (táboa 1).

No caso do cancro de pulmón de célula pequena ou carcinoma microcítico pulmonar (CPCP) úsase de forma práctica pola formulación terapéutica, a clasificación que propuxo o grupo de estudo da Veterans' Administration Lung Study Group (VALSG) que diferencia entre enfermidade limitada (O) e enfermidade extensa (EE). Define a O como a enfermidade confinada a un hemitórax e é susceptible de ser irradiada con intención radical nun mesmo campo de radioterapia e a EE como a enfermidade diseminada máis alá dun hemitorax ou con derramo pleural maligno ou metástase. Esta clasificación recolle unha serie de controversias principalmente para a O pois a indicación do tratamento combinado de quimioterapia e radioterapia dependerá da extensión da enfermidade, de aí que algúns estudos exclúen desta a afectación ganglionar supraclavicular (tanto homolateral como contralateral) e a mediastínica contralateral. É aconsellable ademais realizar a clasificación TNM, con fins prognósticos e de comparabilidade de resultados de tratamento entre series de pacientes.

TÁBOA 3. CPNCP: CLASIFICACIÓN TNM (AJCC/UICC, 1997)

Tumor primario (T):

T0 - Non evidencia de T.

Tx - Non pode ser valorado o tumor ou é diagnosticado por citoloxía maligna (esputo ou broncoaspirado/BAS) pero T non é visualizado por imaxe ou broncoscopio.

Tis - Carcinoma *in situ*.

T1 - T <3 cm. Rodeado de pulmón ou pluma visceral, sen evidencia broncoscópica de invasión máis proximal que o bronquio lobar (1).

T2 - T con algún dos seguintes achados: >3 cm, afectación bronquio principal a >2 cm de de carina, invasión de pleura visceral, atelectasia ou pneumonite obstrutiva local (non do pulmón completo).

T3 - T de calquera tamaño que invade directamente algunha estrutura das seguintes: parede torácica (incluíndo tumores do *sulcus* superior), diafragma, pleura mediastínica, pericardio parietal; ou T en bronquio principal a <2 cm da carina; ou atelectasia ou pneumonite obstrutiva do pulmón completo.

T4 - T de calquera tamaño ou que invade algunha estrutura das seguintes: mediastino, corazón grandes vasos, traquea, esófago, corpo vertebral, carina; ou T con derramo plural ou pericárdico maligno (2); ou T con nódulo/s satélites no seu mesmo lóbulo pulmonar. A parálise de corda vocal, a obstrución da vea cava superior ou a compresión extrínseca de traquea ou esófago clasifícanse como T4, agás se o T é periférico, que entón se considera N2 ou N3.

Ganglios linfáticos rexionais (N):

Nx - N non pode ser valorado.

N0 - Non metástase (mts) en N.

N1 - Mts en N peribronquiais e/ou hiliares homolaterais e/ou N intrapulmonares por extensión directa de T.

N2 - Mts en N mediastínicos homolaterais e/ou subcarinais.

N3 - Mts en N mediastínicos e/ou hiliares contralateral, N escaleno homo ou contralateral, N supraclaviculares.

Metástase a distancia (M):

Mx - A presenza de M non pode ser valorada.

M0 - Non M.

M1- M presentes. Inclúense nódulo/s pulmonares en distinto lóbulo de pulmón homolateral.

(1) Os infrecuentes T superficiais de calquera tamaño co compoñente invasivo limitado á parede bronquial aínda que se poden estender proximalmente ao bronquio principal, tamén se clasifican como T1. (2) A maioría dos derramos pleurais e pericárdicos débense ao tumor. Non obstante nalgúns pacientes varias citoloxías poden resultar negativas, con líquido non hemático e non exsudado. Con estes elementos e o xuízo clínico de que o derramo non se relaciona co tumor, débese excluír como elemento de estadificación.

Táboa 4. Agrupación por estadios AJCC/UICC.

ESTADIO	TNM
Oculto	TXNOMO
Tis	TisN0M0
IA	T1N0M0
IB	T2N0M0
IIA	T1N1M0
IIB	T2N1M0 / T3N0M0
IIIA	T3N1M0 / T1-3 N 2 M0
IIIB	T4N1-T4N1-3M0/T1-3N3M0/T 1-3 N 3 M0
IV	calquera T calquera N M1

6. TRATAMENTO DO CANCRO DE PULMÓN

6.1 ENFOQUE MULTIDISCIPLINAR

O cancro de pulmón é a primeira causa de morte por cancro. Aínda que a cirurxía constitúe o principal tratamento con intención curativa, só un terzo dos pacientes son susceptibles de resección radical ao diagnóstico. Dos pacientes con cancro non microcítico de pulmón estudados mediante cirurxía 10% son estadios I; 20% estadios II, 15% estadios IIIA; 15% estadios IIIB e 40% estadios IV. A supervivencia a 5 anos para estes pacientes é 67% e 57% para T1 N0 e T2 N0; 55% e 38% para estadios IIA e IIB; 23-25% e 3-7% para estadios IIIA e IIIB e 1% para estadios IV. Nun intento de mellorar os datos de supervivencia estimulouse a busca doutros tratamentos complementarios á cirurxía.

Actualmente no tratamento do cancro non microcítico de pulmón combínase o uso de radioterapia, cirurxía e quimioterapia. A quimioterapia (QT) baseada en platino incrementa as taxas de supervivencia e mellora a calidade de vida en pacientes con enfermidade avanzada, o que estimulou a introducila en etapas máis precoces da enfermidade. Denomínase quimioterapia neoadxuvante a utilizada antes do tratamento radical, e adxuvante ou complementaria a

realizada despois de cirurxía ou radioterapia administradas con intención curativa. Tamén se pode empregar radioterapia (RT) neoadxuvante, complementaria e como profilaxe de metástases cerebrais.

No cancro microcítico de pulmón a cirurxía emprégase habitualmente con fins diagnósticos. O tratamento consiste na combinación de radioterapia e quimioterapia concomitante en enfermidade localizada e quimioterapia en enfermidade metastásica.

Ademais dos tratamentos convencionais recentemente estanse a empregar outros axentes máis específicos e con menos efectos secundarios que a quimioterapia, como os inhibidores de tirosin kinasa (erlotinib, gefitinib) ou axentes antianxioxénicos (bevacizumab). A complexidade crecente no manexo dos pacientes con cancro de pulmón, fai necesario o traballo de conxunto de diversos especialistas como pneumólogos, cirurxiáns, patólogos, radiólogos, oncólogos médicos e radioterapeutas.

6.2 MODALIDADES TERAPÉUTICAS

6.2.1 TRATAMENTO CIRÚRXICO

A resección cirúrxica do cancro non microcítico de pulmón segue sendo o método de tratamento máis efectivo para controlar o tumor primario, sempre que a resección sexa curativa e os riscos do procedemento sexan baixos. Como indicabamos previamente, a cirurxía xoga un papel marxinal no cancro microcítico de pulmón.

Principios xerais.

- A mediastinoscopia é un procedemento esencial na estadificación patolóxica dos ganglios linfáticos mediastínicos. A toracoscopia ou videotoracoscopia, e mesmo a toracotomía, poden axudar o diagnóstico inicial de natureza e tamén para a estadificación tumoral.
- Sempre que sexa posible, o tumor e todos as adenopatías de drenaxe linfática intrapulmonar débense resecar por completo, en xeral por lobectomía ou pneumonectomía.
- Débese ter coidado en non transgredir o tumor durante a resección para evitar a súa diseminación.

- A resección en bloque, do tecido adherido ou das estruturas infiltradas, é preferible que as reseccións independentes.
- As marxes de resección débense analizar intraoperatoriamente, se é posible, incluíndo a marxe bronquial, vascular e calquera outra marxe suficientemente próxima ao tumor. Se as marxes están afectadas polo tumor, e é posible, débese ampliar a resección.
- Todas as estacións linfáticas mediastínicas accesibles débense resecar, preferentemente, ou biopsiarse para valoración por anatomía patolóxica; débense identificar e etiquetar axeitadamente polo cirurxián.

A resección cirúrxica é o tratamento de elección para os estadios iniciais do cancro non microcítico de pulmón e en xeral ofrécese a todos os pacientes en estadio I e II, a un grupo determinado en estadio III, e aqueles con metástase única cun tumor primario completamente resecable.

Dende a utilización cada día máis frecuente da PET, o número de pacientes con afectación de adenopatías mediastínicas diagnosticadas durante a toracotomía reduciuse nunha alta porcentaxe. Nestes pacientes débese completar a resección pulmonar seguindo os criterios xerais, tendo unha especial énfase na realización dunha linfadenectomía mediastínica radical.

Situacións especiais:

1. **Pacientes con tumor T4 por afectación de estruturas veciñas.** Nalgúns casos seleccionados a resección cirúrxica é posible, como na invasión directa dun corpo vertebral, a vea cava superior, o esófago ou a aurícula. A alternativa é a quimio-radioterapia radical ou neoadxuvante.
2. **Pacientes estadio IV.** Por definición estes pacientes non son candidatos a tratamento cirúrxico. A resección de metástase única, con resección completa do tumor primario mellora a supervivencia, especialmente se é no cerebro, pulmón ou glándula suprarrenal.
3. **Reseccións paliativas.** En certas circunstancias está xustificada a resección paliativa como en abscesos pulmonares, hemoptise

masiva, ou pola afectación da parede torácica con dor incontrolable.

- 4. Recidiva local tras cirurxía.** A recidiva tumoral tras a cirurxía de resección pulmonar é frecuente mesmo en estadios iniciais da enfermidade. Nalgúns pacientes seleccionados unha nova resección pode ser posible, tras unha valoración individualizada.

6.2.2 TÉCNICAS LOCAIS

A obstrución da vía aérea principal por un tumor é unha situación pouco frecuente pero cunha repercusión enorme nos pacientes que a padecen. Utilizáronse diferentes técnicas de recanalización da vía aérea, dende a resección endoscópica, a crioterapia ou a fulguración endoscópica. Os procedementos aceptados como máis rendibles son a coagulación con láser Nd-YAG e pola súa precisión na vía aérea máis proximal o láser de CO₂. Para evitar broncoscopias de repetición, é recomendable combinar este tratamento con outros tratamentos locais máis definitivos como a braquiterapia intrabronquial ou a radioterapia externa. Do mesmo xeito, a frecuencia na utilización de próteses endoluminais aumentou, especialmente as recubertas evitando a recidiva endoluminal do tumor.

A broncoscopia láser nas obstrucións da vía aérea por un cancro inoperable considérase como un tratamento paliativo eficaz. A colocación dunha prótese na vía aérea adóitase asociar con moita frecuencia ao tratamento con láser, aínda que ambas as dúas técnicas se poden utilizar de forma independente. O tratamento con láser, por razóns de seguridade, rapidez da resección e o confort do paciente realízase mellor con broncoscopio ríxido e baixo anestesia xeral. As lesións exofíticas da traquea ou dos bronquios principais son as máis idóneas para o tratamento con broncoscopia láser, e a melloría dos síntomas están directamente en relación coa mellora da permeabilidade da vía aérea principal. Na maioría dos pacientes, a case totalidade do tumor endobronquial pode ser resecado con este procedemento de forma rápida e segura penetrando dentro da parte endofítica de tumor coa punta do broncoscopio ríxido. Como tratamento adxuvante pódese colocar unha prótese autoexpandible ou de silicona semiríxida que permita recuperar a permeabilidade da vía aérea nos casos de compresión extrínseca asociados a

un tumor endoluminal ou do colapso da parede bronquial despois de varios tratamentos de desobstrución co láser. A eficacia das próteses na prevención do crecemento endoluminal do tumor está en controversia xa que teñen tendencia a se ocluír polas secrecións.

O principal interese da fototerapia reside no tratamento dos cancros en estadio precoz. Non presenta ningunha vantaxe como tratamento paliativo das lesións obstrutivas, coa excepción de lesións moi distais onde o láser Nd-YAG é perigoso.

6.2.3 RADIOTERAPIA NO CANCRO DE PULMÓN

6.2.3.1. Radioterapia no carcinoma pulmonar non célula pequena.

- Radioterapia radical exclusiva.

O papel da radioterapia nos estadios “precoces” (estadio I e II) débese limitar aos pacientes inoperables por causa médica, pacientes anciáns e aqueles que rexeiten a cirurxía. Polo xeral utilízanse técnicas de planificación tridimensional e a definición de volumes realízase seguindo as recomendacións do ICRU 50 e 62. Estes volumes limítanse ao tumor primario sen irradiación ganglionar electiva ou limitada a mediastino adxacente e a dose recomendada oscila entre 60 -70 Grays (Gy) cun fraccionamento convencional de 180 a 200 cGy día. En pacientes con estadio III a radioterapia exclusiva queda limitada a pacientes non susceptibles de cirurxía e/ou quimioterapia.

- Radioquimioterapia radical.

É o tratamento de elección en pacientes con estadio III non susceptibles de rescate cirúrxico. Nos esquemas de radioterapia en combinación con quimioterapia concomitante ou secuencial os volumes irradiados inclúen en todos os casos o tumor primario e áreas ganglionares afectas e as doses recomendadas están no rango de 60 a 66 Gy con fraccionamento convencional de 180 cGy/día. Seguiranse as mesmas recomendacións técnicas que na radioterapia radical exclusiva como é a planificación tridimensional, e o uso de aceleradores lineais con enerxías superiores a 6 Mv.

- Radioterapia complementaria postoperatoria.

O papel da radioterapia postoperatoria segue sendo obxecto de debate a pesar do tempo transcorrido dende a súa introdución na práctica clínica. Recoméndase naqueles casos nos que queda enfermidade residual tras a cirurxía, os bordos de resección bronquial están afectados ou próximos e nos casos N2 postcirúrxicos. Nos estadios III clínicos tras cirurxía aos que previamente se lle administrara quimioterapia neoadxuvante recoméndase administrala incluíndo as cadeas ganglionares afectas clinicamente antes da QT. As doses establecidas de uso común varían de 50 a 60 Gy en función dos achados histopatolóxicos. Seguiranse as mesmas recomendacións técnicas que en puntos anteriores.

- Radioterapia paliativa.

As doses variarán en función da localización, síntomas que hai que controlar e estado xeral do paciente. As doses totais máis utilizadas varían entre 20 a 40 Gy en función do fraccionamento utilizado. Recoméndase dar doses altas por fracción e volumes limitados.

- Técnicas especiais.

a) Radiocirurxía das metástases intracraneais.

A radiocirurxía das metástases intracraneais forma parte dos cuidados especiais do cancro de pulmón. Trátase dunha técnica radioterápica que permite dar altas doses nunha única fracción a unha diana cun alto gradiente de dose con respecto ao tecido normal circundante.

As indicacións establecidas comprenden as lesións únicas ou múltiples nun número máximo de 3 e cun tamaño menor de 4 cm. A supervivencia nos casos de lesións únicas aseméllase ás lesións tratadas con cirurxía. Adminístrase combinada coa RT Holocraneal e esta deberá ser administrada con fraccións de dose que non superen os 300 cGy/fracción/día.

As doses variarán entre 15 e 22 Gy en función do tamaño, número de lesións, distancia destas, localización en zonas indolentes, proximidade de órganos críticos (vía óptica, tronco cerebral) ou administración de RT holocraneal posterior.

b) Braquiterapia endobronquial con fontes de Ir 192 (alta taxa de dose).

Consiste en administrar unha dose alta de irradiación a nivel da luz traqueo-bronquial introducindo unha fonte de irradiación de Ir 192 de alta taxa de dose. A técnica realízase mediante aplicadores ou vectores plásticos específicos e a dose adoita ser de 5 Gy por fracción, o número de fraccións é variable en función da indicación.

- Tratamento paliativo.

-Tumoracións malignas primitivas ou metastásicas que comprometen a luz e non son subsidiarias de tratamento cirúrxico.

- Recidiva ou recorrencia endobronquial de carcinomas sometidos a cirurxía, quimioterapia, radioterapia ou tratamento previo que afecta a árbore bronquial.

- Como reforzo ao tratamento con RT/QT (cando se necesite completar dose de RT).

- Complemento doutras técnicas desobstrutivas paliativas: láser ou crioterapia en casos seleccionados.

- Tratamento curativo.

- Cirurxía de resección de cancro de pulmón con bordos de resección afectados.

- Tumores *in situ* non subsidiarios de tratamento cirúrxico.

- Tumores en estadios I A (T1N0M0) limitados a parede bronquial en casos non subsidiarios de tratamento cirúrxico.

- Tratamento con radioterapia externa en tumores endobronquiais nas que se utiliza braquiterapia para sobreimpresión (boost).

c) Irradiación profiláctica cranial (IPC).

A IPC nos carcinomas non microcíticos non é unha técnica estándar actualmente. Débense incluír dentro de estudos ou en ensaios clínicos e en casos moi seleccionados (terapias combinadas, histoloxías desfavorables, estadios III).

d) Outras técnicas especiais (en fase de investigación clínica):

- Radioterapia de intensidade modulada (IMRT).
- Radiocirurxía exterotóxica extracraneal.
- Radioterapia guiada pola imaxe.

6.3.2.2 Radioterapia no carcinoma pulmonar de célula pequena ou microcítico (CPCP).

- Radioquimioterapia concomitante de consolidación torácica en enfermidade limitada a tórax.

No momento actual recoméndase administrar conxuntamente a RT e QT pola sinerxía que teñen ambos os dous tratamentos. Este sinerxismo é máis efectivo canto máis precoz é a concomitancia e aconséllase que esta se achegue ao 1.º dos ciclos de QT e que se administre de xeito hiperfraccionado no rango dos 45 Gy.

- Radioterapia secuencial de consolidación torácica.

En enfermidade limitada a tórax, estas indicacións incluírán os pacientes desestimados con anterioridade para RT, como son os que presentan derramo pleural, afectación supraclavicular, gran volume tumoral, baixo *performance status* ou idade avanzada. As dose oscilarán entre 45 a 60 Gy, a habitualmente elixida é a de 50,4 Gy a fraccionamento de 180 cGy día.

Dentro de estudos ou ensaios clínicos poderanse incluír pacientes con enfermidade extensa con baixa carga tumoral que alcanzaran a resposta completa.

- Irradiación profiláctica cranial (IPC).

Demostrouse un incremento do 5% na supervivencia global a 5 anos naqueles pacientes con enfermidade limitada a tórax aos que se lles administra IPC. O subgrupo de pacientes que máis se benefician son os que alcanzan respostas parciais significativas ou respostas completas. As doses oscilan entre 24 e 36 Gy con fraccionamento convencional de 200 cGy día. Co obxectivo de minimizar a toxicidade crónica en longos superviventes administraremos dose de 30 Gy día en fraccións de 200 cGy.

Os pacientes con enfermidade extensa e que alcanzaran a resposta completa tras QT, poden ser incluídos en protocolos de irradiación profiláctica cranial dentro de estudos/ensaios clínicos.

6.2.4 FÁRMACOS ANTINEOPLÁSICOS

Na actualidade, a maioría dos pacientes diagnosticados de cancro de pulmón, recibirán tratamento con fármacos antineoplásicos nalgún momento da evolución da súa enfermidade. Na evolución histórica do tratamento con fármacos en cancro de pulmón pódense distinguir 3 etapas:

- Quimioterapia clásica (ata 1990) sendo considerados citostáticos activos (respostas obxectivas $\geq 15\%$) o cisplatino, carboplatino, ifosfamida, etopósido, mitomicina, vindesina e vinblastina. En carcinoma microcítico de pulmón tamén demostraron actividade a vincristina, adriamicina e 4-Epirrubicina.
- Quimioterapia moderna ou fármacos de terceira xeración: vinorelbina, gemcitabina, docetaxel, paclitaxel, irinotecán, topotecán e pemetrexed.
- Novos fármacos antidiana. A maioría en fase de desenvolvemento. Recentemente aprobouse erlotinib en CPNCP avanzado tras progresión a quimioterapia. Destacan:
 - Anti-EGFR-TKI: erlotinib (Tarceva®), gefitinib (Iressa®).
 - Anticorpos monoclonais anti EGFR: cetuximab (Erbix®).
 - Anticorpos anti Her2: trastuzumab (Herceptin®)
 - Anticorpos monoclonais anti VEGF: bevacizumab (Avastin®)
 - Inhibidores do proteosoma: bortezomib (Velcade®).

Táboa 5. Fármacos antineoplásicos.

<u>QT CLÁSICA</u>	<u>QT MODERNA (3.^a Xeración)</u>	<u>NOVAS DIANAS</u>
Cisplatino	Vinorelbina	Erlotinib
Carboplatino	Gemcitabina	Gefitinib
Ifosfamida	Docetaxel	Cetuximab
Etopósido	Paclitaxel	Trastuzumab
Mitomicina	Irinotecan	Bevacizumab
Vindesina	Topotecan	Bortezomib
Vinblastina	Pemetrexed	
Vincristina		
Adriamicina, 4-Epirrubicina		

O cancro microcítico de pulmón distínguese por unha maior sensibilidade á quimioterapia, que se traduce nunha maior taxa de respostas. Os fármacos máis activos no cancro microcítico de pulmón son cisplatino e carboplatino, etopósido, adriamicina, topotecan e irinotecan.

6.2.5 COIDADOS E SOPORTE

Durante a evolución da enfermidade neoplásica os pacientes presentan necesidades físicas e psicolóxicas complexas que necesitan tratamento. Mesmo cando o paciente está en remisión completa ou “curado” as enquisas de calidade de vida revelan a presenza de síntomas físicos e distrés psicosocial que alteran e condicionan a súa existencia.

En pacientes con carcinoma non microcítico de pulmón tratados con cirurxía radical persisten cadros depresivos e distrés psicosocial ata 12 meses tras a intervención. Os cuidados de soporte e rehabilitación proporcionan os servizos necesarios aos pacientes con cancro para satisfacer as súas necesidades físicas, sociais, emocionais, nutricionais, de información, psicolóxicas, espirituais e prácticas. Estas necesidades xorden durante o diagnóstico, tratamento e seguimento. Dunha forma ou doutra estas necesidades aténdense en todos os pacientes con cancro e en todas as etapas da enfermidade.

Os cuidados continuos constitúen a atención integral da persoa enferma na súa realidade total: biolóxica, psicolóxica, familiar, laboral e social. Este tipo de coidado, realízase atendendo todas e cada unha das fases da enfermidade oncolóxica.

O Plan galego de cuidados paliativos define enfermidade avanzada e complexa aquela que pola súa historia natural, e/ou complicacións de diagnóstico e terapéuticas xera no paciente e na familia necesidades heteroxéneas de difícil solución e grande impacto físico, psicolóxico, social ou espiritual. Nos enfermos con cancro de pulmón os tratamentos modificadores da historia natural (tratamentos antineoplásicos) xunto cos cuidados continuados e de soporte son imprescindibles para a correcta atención destes pacientes.

7. TRATAMIENTO POR ESTADIOS

7.1. Estadios I.

A cirurxía é o tratamento de elección para os pacientes con CPNCP en estadio I. En xeral débese realizar lobectomía mesmo nos tumores moi pequenos, salvo que sexa necesaria unha pneumonectomía. Os pacientes con mala función pulmonar poden ser considerados para resección segmentaria ou en cuña do tumor primario. En mans experimentadas a resección por videotoracoscoopia é segura cunha morbilidade e mortalidade baixa e ofrece a mesma supervivencia que unha lobectomía por toracotomía.

Os pacientes inoperables e con reserva pulmonar suficiente poden ser candidatos para radioterapia con intención curativa, e lógranse taxas de supervivencia aos 5 anos superpoñibles aos tratados con cirurxía.

Dende 1995 inténtase demostrar o beneficio da quimioterapia adxuvante en paciente con CPNCP. Actualmente non se considera que os pacientes con enfermidade estadio IA se beneficien da quimioterapia complementaria, e nos estadio IB os resultados son confusos. Destes estudos suxírese que a quimioterapia adxuvante baseada en cisplatino se pode valorar de modo individual no estadio IB. Non obstante non se determinaron os beneficios e riscos da radioterapia adxuvante.

Principios do tratamento de estadios I.

- 1- Lobectomía ou resección segmentaria.
- 2- Radioterapia radical para pacientes con contraindicación cirúrxica.
- 3- Valorar quimioterapia adxuvante despois de resección estadios IB.

7.2. Estadios II.

Inclúense dentro de estadio II todos aqueles tumores T1N1M0 (IIA) T2N1M0 e T3N0M0 (IIB).


Ata hai pouco tempo o tratamento estándar para os pacientes con CPNM estadio II era a resección cirúrxica completa (lobectomía ou neumonectomía) como tratamento único, cunha supervivencia aos 5 anos menor ao 50%. Nos casos de afectación da parede torácica (T3) débese realizar unha resección en bloque e asegurar marxes libres de afectación tumoral. Utilizaranse os mesmos criterios se existe afectación pleural, pericárdica, diafragmática ou do nervio frénico.

A quimioterapia adxuvante mostra un beneficio absoluto en termos de supervivencia de entre 12-15% fronte aos pacientes que reciben exclusivamente tratamento cirúrxico. Polo tanto débense considerar os esquemas baseados en platino en pacientes con bo estado funcional (PS ECOG ≤ 1) tras a resección completa.

Aqueles pacientes inoperables por comorbilidade ou limitación de reserva respiratoria, serán candidatos a tratamento radioterápico con intención curativa.

Un grupo especial de tumores son os do sulcus superior, que se caracterizan por invadir a parede torácica no ápex. Debido á proximidade e rápida afectación de plexo braquial, estruturas vasculares e columna, a realización inicial dunha resección completa frecuentemente non é posible, o que implica un empeoramento na supervivencia. O tratamento de indución con quimio e radioterapia concomitante demostrou melloría na supervivencia e un aumento de reseccións completas, e considérase estándar, aínda en ausencia de estudos fase III.

Figura 2. Algoritmo de tratamiento en estadios II.



7.3. Estadio III.

O manexo do CPNCP estadio III require un enfoque multidisciplinar coa combinación de cirurxía, radioterapia e quimioterapia. A gran heteroxeneidade de presentacións impide definir unha única modalidade de tratamento, e non se coñece na maioría dos casos cal é o tratamento óptimo. A opción cirúrxica exclusiva dependerá do estado xeral, a función pulmonar do paciente e da avaliación patolóxica ganglionar mediastínica.

Como primeiro paso débese definir a enfermidade como resecable ou non dependendo fundamentalmente da confirmación patolóxica da afectación ganglionar (N2-3). Posteriormente débese formular tratamento preoperatorio de indución (QT +/- RT) ou tratamento radical concomitante (QT + RT) sen cirurxía.

Enfermidade resecable.

Co estudo preoperatorio patolóxico rutineiro do mediastino, a cirurxía permanece como tratamento inicial nunha minoría de pacientes.

1. Estadio T3N1. Este é un subgrupo de pacientes cun mellor pronóstico e se a cirurxía é tecnicamente factible, debe ser o tratamento de elección inicial. Tras a resección completa está indicado o tratamento adxuvante con QT. A única excepción a esta regra xeral son os tumores do sulcus superior (Pancoast).

2. Afectación T4. Se é por nódulos satélites no mesmo lóbulo e N0-1, a cirurxía pode ser a opción de inicio xa que a supervivencia a 5 anos é similar ao resto de pacientes con tumores T4. Posteriormente está indicada quimioterapia complementaria e RT en caso de marxes positivas.

Enfermidade irresecable.


